

RESOLUCIÓN CONVOCATORIA 2019 PARA PROXECTOS DE COÑECEMENTO DA REALIDADE [PCR]

CONTEXTO

Arquitectura Sen Fronteiras ofrece a estudantes universitarios, con especial preferencia nos voluntarios/as da nosa demarcación en Galicia, que teñan interese no mundo da cooperación ao desenvolvemento no eido da habitabilidade básica, a posibilidade de ter unha experiencia en terreo. Con este propósito publicamos o pasado 26 de febreiro a convocatoria para os Proxectos de Coñecemento da Realidade para executar en GUATEMALA.

Os/as participantes colaborarán directamente cos membros da organización trasladados ao terreo, a coparte local e a poboación local, desempeñando tarefas propias do traballo de cooperación ao desenvolvemento que se complementen co desenvolvemento dunha actividade curricular persoal.

A concesión da convocatoria está condicionada á obtención do financiamento a través da convocatoria de PCR da Universidade da Coruña, que inclúe o billete de avión, o seguro da viaxe (accidentes e enfermidades) e achegas derivadas da manutención.

CRITERIOS DE VALORACIÓN

En todo caso, priorizarase a participación de persoas voluntarias activas en ASF-E Galicia, preferiblemente do grupo de traballo de cooperación internacional, cunha traxectoria de voluntariado de polo menos 3 meses.

Criterios de valoración das persoas candidatas:

Formación complementaria (máx. 40 puntos):

- Cooperación ao desenvolvemento (máx. 15 puntos).
- Voluntariado ou proxectos sociais (máx. 10 puntos).
- Habitabilidade básica (máx. 10 puntos).
- Comunicación, xestión de redes sociais e blogs, difusión de actividades, fotografía, vídeo, ou similares (máx. 5 puntos).

Experiencia en voluntariado (máx. 30 puntos):

- Ser persoa voluntaria de ASF. Darase prioridade a aquelas persoas do grupo de cooperación internacional cunha traxectoria polo menos de tres meses (máx. 20 puntos).
- Outras experiencias en voluntariado social (máx. 10 puntos)

Pertinencia do traballo vinculado ao recoñecemento curricular da estada (máx. 10 puntos)

Convocatoria do programa de coñecemento da realidade [PCR] 2019 de ASF-Galicia

Entrevista persoal (máx. 20 puntos)

Ser persoa socia de ASF (máx. 5 puntos)

CANDIDATURAS

Unha vez avaliados as cartas de presentación e os curriculums presentados polas candidatas e tras realizar as entrevistas persoais o comité seleccionador decidiu respaldar 2 das candidaturas presentadas, sendo as persoas seleccionadas para o PCR 2019 as correspondentes aos seguintes códigos:

- **Candidatura C03**
- **Candidatura C04**

As puntuacións do comité avaliador de cada candidatura pode verse no seguinte cadro:

Candidatura	FORMACIÓN COMPLEMENTARIA				EXPERIENCIA EN VOLUNTARIADO		OUTROS		Entrevista persoal	TOTAL
	Cooperación ao desenvolvemento	Voluntariado ou proxectos sociais	Habitabilidade básica	Comunicación, xestión de redes sociais, etc.	Ser persoa voluntaria de ASF	Outras experiencias de voluntariado	Pertinencia do traballo vinculado co PCR	Ser socia de ASF		
	15	10	5	5	20	10	10	5	20	100.00
C01	1	7.6	0.5	2.5	0	9.6	2.5	0	16	39.70
C02	-	-	-	-	-	-	-	-	-	**
C03	6	1.5	3	1	12	6	10	0	20	59.50
C04	0	1.5	1.5	1	3.5	4.8	10	0	18	40.30

**Non cumpre os requisitos da convocatoria.

En A Coruña, 13 de marzo de 2019